

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. A Lei 8/2008, de Saúde de Galicia, establece que as unidades elementais de prestación dos servizos sanitarios son:

- A) Os distritos sanitarios.
- B) As áreas sanitarias.
- C) As zonas sanitarias.
- D) As xerencias de xestión integrada.

2. De conformidade coa Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, cal das seguintes competencias é exclusiva do Estado?

- A) O control dos posibles riscos para a saúde derivados da importación, exportación ou tránsito de mercadorías.
- B) O control sanitario dos produtos relacionados co uso ou consumo humanos.
- C) O control sanitario de edificios e lugares de vivenda.
- D) O control sanitario dos cemiterios.

3. Segundo o artigo 51 da Lei 55/2003, do Estatuto Marco, o persoal terá dereito a un período mínimo de descanso ininterrompido entre a fin dunha xornada e o comezo da seguinte de:

- A) 18 horas.
- B) 8 horas.
- C) 12 horas.
- D) 10 horas

4. Atendendo ao que establece a Lei 8/2008, de Saúde de Galicia, indique cal é unha característica propia da atención especializada:

- A) Un enfoque global e integrado da atención e da saúde.
- B) A verificación do cumprimento dos estándares sanitarios definidos.
- C) A medición do nivel de saúde da poboación e a identificación dos riscos para a saúde.
- D) Unha alta intensidade dos coidados requiridos.

5. De conformidade coa Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes:

- A) O titular do dereito á información é o paciente e o seu cónxuxe ou parella de feito.
- B) A información facilitarase evitando os aspectos alarmistas que poidan incidir negativamente no paciente.
- C) A obrigação de informar ao paciente é exclusivamente do persoal médico que interveña no proceso asistencial.
- D) O paciente non pode renunciar a ser informado.

6. Consonte o Decreto 206/2005, sinala cal é un requisito, para o persoal en activo, para ser admitido nun concurso de traslados:

- A) Ter tomado posesión na praza desempeñada con 1 ano de antelación, como mínimo, á finalización do prazo de presentación de instancias.
- B) Ter tomado posesión na praza desempeñada con 2 anos de antelación, como mínimo, á finalización do prazo de presentación de instancias.
- C) Ter tomado posesión na praza desempeñada con 5 anos de antelación, como mínimo, á finalización do prazo de presentación de instancias.
- D) Ter tomado posesión na praza desempeñada con 6 meses de antelación, como mínimo, á finalización do prazo de presentación de instancias.

7. Segundo o artigo 4 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, entenderase como "risco laboral"...

- A) A posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.
- B) A probabilidade de que se produza un dano no centro de traballo.
- C) A probabilidade de que, como consecuencia do traballo, se produza un dano físico ou psíquico derivado de axentes físicos, químicos ou biolóxicos.
- D) A probabilidade alta de que un traballador sufra un dano previsible en calquera fase da actividade da empresa.

8. O artigo 3 da Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, define os "datos de carácter persoal" como:

- A) Calquera información que faga referencia á saúde, á orixe racial, á vida sexual, á relixión ou ás crenzas.
- B) Calquera conxunto organizado de información concernente a persoas físicas.
- C) Calquera información concernente a persoas físicas identificadas ou identificables.
- D) Calquera información concernente a persoas físicas ou xurídicas identificadas.

9. De conformidade coa Lei 55/2003, do Estatuto Marco, o tempo mínimo de permanencia na situación de excedencia voluntaria por agrupación familiar será de:

- A) 2 anos.
- B) 5 anos.
- C) 10 anos.
- D) Ningún dos anteriores (o Estatuto Marco non fixa un tempo mínimo de permanencia).

10. O Decreto 206/2005 establece varios requisitos para que o persoal estatutario poida participar nos procesos selectivos pola quenda de promoción interna. Indique cal se inclúe entre os mesmos:

- A) Ter a condición de persoal estatutario fixo doutra categoría de nivel académico igual ao daquela á que se pretende acceder.
- B) Non ter superado outro proceso selectivo, pola quenda de promoción interna, nos últimos cinco anos.
- C) Estar en servizo activo en institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e con nomeamento como persoal estatutario fixo durante, polo menos, 2 anos na categoría de procedencia.
- D) Estar en servizo activo en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, e con nomeamento como persoal estatutario fixo durante, polo menos, 1 ano na categoría de procedencia.

1. Segundo a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes:

- A) O documento de instrucións previas debe formalizarse necesariamente ante notario.
- B) O médico en ningún caso pode actuar profesionalmente sen informar antes ao paciente.
- C) Os centros concertados non forman parte do seu ámbito de aplicación.
- D) O consentimento, en determinadas situacións, pode outorgarse por substitución.

2. De conformidade coa Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco, cal dos seguintes complementos está destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo?

- A) Complemento de destino.
- B) Complemento de carreira.
- C) Complemento de produtividade.
- D) Complemento específico.